



Ast.º: Certificado do decreto da adxudicación definitiva
Ref.ª: Contrato derivado do Expdte. S. 01/09

M. BLANCA ESTÉVEZ SÁNCHEZ, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE A CORUÑA,

C E R T I F I C A :

Que segundo se desprende do Libro de Decretos da Presidencia deste Consorcio, arquivado nesta Secretaría ao meu cargo, resulta que o día vinte e seis de agosto de dos mil nove (26.08.2009) o sr. presidente adoptou a resolución contida no decreto que a continuación queda transcrito:

<< Sendo titular da Presidencia do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña,>>
(...) << a referida Autoridade dita a seguinte resolución:

Logo de ver o expediente S. 01/09 incoado para a contratación do subministro consistente nun vehículo de altura para este Consorcio, aprobado en acordo plenario e resolución da Presidencia do día 3 de marzo de 2009, e atendidos os seguintes:

a n t e c e d e n t e s :

1. Os que, como tais, constan na resolución desta Presidencia contida no decreto de data 5 de agosto de 2009, en virtude cal adxudicábase provisionalmente o contrato comprendido no dito expediente S. 01/09, aceptándose a proposta formulada pola Mesa de Contratación en 29 de xullo de 2009.
2. Que na propia data do 5 de agosto de 2009, inseriuse no perfil do contratante o certificado da adxudicación provisional (en idiomas castelán e galego) así como o cadro – resumo da dita adxudicación, constando tamén que na propia data do 5 de agosto, realizáronse as actuacións seguintes:
 - O anticipo, mediante Fax, á totalidade dos licitadores (incluíndo ao adxudicatario provisional) da notificación da adxudicación provisional, indicándose, no dito anticipo, o aviso da publicación da mesma no perfil do contratante na repetida data do 05.08.2009.
 - As notificacións cursadas mediante correo certificado á totalidade dos licitadores, incluíndo ao adxudicatario provisional, constando en el expediente que todas elas áchanse recibidas polos ditos licitadores.Consta, así mesmo, que a totalidade deses anticipos e notificacións, tense realizado nos idiomas castelán e galego.
3. Que publicada como antecede a adxudicación provisional no perfil do contratante, comezou contar o prazo para:
 - A interposición do recurso especial en materia de contratación a tenor do disposto na cláusula 16ª.3 en relación coa 1ª.5 do prego de administrativas particulares que rexe no expediente, toda vez que dito contrato áchase suxeito a regulación harmonizada.
 - A presentación, polo adxudicatario provisional, da documentación correspondinte á que fai referencia a cláusula 16ª.7 do prego de administrativas particulares.
 - A elevación a definitiva da adxudicación provisional cumpridos os extremos aos que fai referencia a propia cláusula 16ª.7 citada.
4. Que, en relación co contido do apartado anterior, constan no expediente:
 - A certificación de Secretaría emitida en 19 de agosto de 2009, segundo a cal, durante o prazo sinalado para tal fin, non foi presentado recurso especial en materia de contratación.
 - A presentación, polo adxudicatario provisional, dos documentos correspondentes aos que fai referencia a cláusula 16ª.7 do prego de administrativas particulares, incluíndo a garantía definitiva, dentro do prazo outorgado naquela.
5. Que, finalmente, consta a fiscalización da Intervención, previa á adquisición do compromiso de gasto que a adxudicación definitiva leva consigo aparelada.

Sobre a base dos antecedentes expostos e cumpridos en consecuencia, os requisitos esixidos ao efecto pola Cláusula 16ª.7 do prego de administrativas citado, no uso da competencia establecida na Disposición adicional segunda da Lei de contratos do sector público, así como, atendida o resto da normativa de aplicación segundo se cita na resolución desta Presidencia contida no decreto do 5 de agosto de 2009, mediante o presente

R E S O L V O :

1º. Elevar a definitiva a adxudicación provisional aprobada pola citada resolución desta Presidencia contida en decreto de data 5 de agosto de 2009, do contrato comprendido no expediente S.01/09, de



subministro para a adquisición dun vehículo de altura para este Consorcio realizada a favor de ITURRI, S.A., nos termos nos que constan na dita resolución e, en especial e se reproducen, que:

1. O **prezo da adxudicación** ascende ao ofertado polo adxudicatario e, consecuentemente, á cantidade de **475.583,18€** (catrocentos setenta e cinco mil cincocentos oitenta e tres euros con cincéntimos) co el I.V.E. incluído, o que significa unha baixa de 24.416,82 € (I.V.E. incluído) sobre o tipo inicial de licitación da Cláusula 4ª do prego de administrativas particulares, prezo de adxudicación que está repartido nas dúas partidas seguintes:

	CIFRA	LETRA
Prezo base:	409.985,50€	-.Catrocentos nove mil novecentos oitenta e cinco euros con cincuenta céntimos.-
Imposto sobre o Valor Engadido (16%):	65.597,68€	-.Sesenta e cinco mil novecentos sete euros con sesenta e oito céntimos.-
Total co I.V.E.:	475.583,18€	-.Catrocentos setenta e cinco mil cincocentos oitenta e tres euros con dezaioito céntimos.-

2. O **prazo de garantía** do vehículo será de tres anos, conforme á proposta do adxudicatario que mellora en dous (2) anos ao establecido na cláusula 22ª do prego de administrativas particulares.
3. O **prazo de entrega** do vehículo obxecto de adquisición será dun (1) mes, segundo a proposta do adxudicatario, que mellora en 10 (dez) meses ao establecido na cláusula 7ª do prego de administrativas particulares.
4. O vehículo de altura obxecto de adquisición responde ás **características** ofertadas, así mesmo, polo adxudicatario: un vehículo auto-escala DLK 23-12 CS con altura de traballo de 32 metros e 5,8 metros baixo rasante, montado sobre chasis IVECO FF (Fire Fighting) 160 E30 Euro IV (299 CV) con caixa de cambios automática, freos con sistemas ABS, ASR e sistema de conexión GSM, así como coa dotación e demais características e elementos técnicos sinalados na oferta técnica do adxudicatario, debéndose incluír, no contrato que se subscriba e como Anexo que corresponda, copia compulsada de ditas características e melloras para o seu cumprimento nos termos sinalados pola Cláusula 2ª.2 do prego de administrativas particulares.
5. Nos termos anteriores, deberanse así mesmo incluír, no dito anexo do contrato, tanto as melloras no prazo de garantía, como no de entrega ofertados polo adxudicatario e demais melloras ofertadas por quedar tamén aceptadas por este Consorcio.

2º. Dispoñer o gasto polo importe da adxudicación indicado no apartado precedente, con cargo á partida 222(B).624 do Estado de Gastos do vixente Orzamento de 2009.

3º. Notificar a presente a todos os licitadores, incluíndo ao adxudicatario definitivo, a quen se citará para a formalización do contrato administrativo que, en todo caso, haberá de subscribirse no prazo máximo dos dez días hábiles desde o seguinte ao da indicada notificación, debendo estar acreditado o pago por este, do importe dos anuncios (por un total de 1.218,77€) segundo se establece no apartado 4º da resolución da adxudicación provisional adoptada no decreto de 5 de agosto de 2009, e tal e como establece a cláusula 18ª.1 do prego de administrativas particulares.

4º. Declarar expresamente a extinción automática das garantías provisionais prestadas polos licitadores e, polo tanto, proceder á súa devolución, incluíndo ao que resultou adxudicatario consonte ao establecido polo apartado 4 do art. 91 da lei de Contratos do Sector público.

5º. Contra o presente acto comprensivo da adxudicación definitiva, que pon fin á vía administrativa (Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común), poderá interpoñerse polos interesados e, especialmente, polos licitadores, ante a Presidencia deste Consorcio e postestativamente, recurso de reposición, dentro do prazo dun (1) mes, contado desde o día seguinte ao da recepción da dita notificación da adxudicación definitiva e, notificación da adxudicación definitiva e, en tal caso, non poderá interpoñerse o recurso contencioso – administrativo, ata en tanto que o de reposición sexa resolto de forma expresa ou se producira a súa desestimación presunta (art. 116.2 da citada Lei 30/1992, de 26 de novembro). O prazo de interposición do recurso contencioso - administrativo posterior ao de reposición será:

- a) De dous meses desde o día seguinte ao da recepción da notificación de la resolución expresa del recurso de reposición.
- b) Caso de non se dictar resolución expresa, o prazo será de seis meses a contar desde o día seguinte a aquel no que deba entenderse desestimado presuntamente o recurso de reposición.

Poderá, nembargante, interpoñerse directamente o recurso contencioso - administrativo ante o Ilmo. Xulgado do Contencioso - Administrativo da Coruña, dentro do prazo de dous (2) meses contados a partires do día seguinte ao da recepción da notificación do presente acto da adxudicación definitiva (todo isto, consonte a canto queda establecido ao efecto pola Disposición adicional décimo carta d Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985 de 1 de xullo, do Poder Xudicial, que modificou o art. 8 da Lei 29/1988, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso - Administrativa, así como arts. 46.4 e 116.2 desta última).



6º. Publíquese certificación desta resolución no perfil do contratante así como nos diarios ou boletíns oficiais que corresponda na forma regulamentariamente establecida, aos efectos de transparencia, publicidade, público coñecemento e cumprimento do disposto na cláusula 16ª.8 do prego de administrativas particulares e emítase, así mesmo, a correspondente certificación para a súa unión ao expediente de orixe, S. 01/09, e como anexo que corresponda ao contrato que formaliza esta adxudicación segundo se cita no apartado 3º da mesma.

Rematado (...) >>

E para que así conste e na unión, no seu caso, cos documentos que proceda, xurda os efectos oportunos, emito a presente certificación no cumprimento do disposto polo art. 2.e) do texto normativo aprobado polo Real decreto 1174/1987, de 18 de setembro, e de orde e co visto e prace do sr. presidente en Carballo, a vinte e seis de agosto de dous mil nove.

V.º e pr.
O presidente,

Asdo.: Santiago Villanueva Álvarez